



**CAMPAÑA 2025/2026 DE VIXILANCIA DA SAÚDE PARA O PERSOAL DOCENTE E
NON DOCENTE DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES
E FORMACIÓN PROFESIONAL QUE PRESTA SERVIZOS EN CENTROS
DOCENTES PÚBLICOS NON UNIVERSITARIOS DE GALICIA**

PREGUNTAS FRECUENTES

Teño dereito á revisión médica?

Teñen dereito á revisión médica:

1) **O persoal docente** funcionario de carreira, funcionario en prácticas, funcionario interino ou funcionario substituto, así como **o persoal non docente** funcionario de carreira, funcionario interino ou funcionario substituto, **e o persoal laboral** (fixo, indefinido non fixo ou temporal) destinados en:

- Centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.
- Centros de formación do profesorado da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.
- Centros residenciais docentes de titularidade da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

2) **O persoal docente** funcionario de carreira, funcionario en prácticas, funcionario interino ou funcionario substituto, destinado en centros educativos nos que exista un Convenio de Colaboración coa Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, para impartir ensinanzas reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de educación, ou para cubrir postos en prazas sometidas a convenio ou a programas específicos desta Consellería (Hospital Arquitecto Marcide, Hospital Meixoeiro, Hospital Provincial de Pontevedra, Hospital Psiquiátrico de Conxo, CHUS Santiago, Asociación de Diminuídos Psíquicos de Santiago de Compostela; Centro público esc. especialidades Antonio Escaño; Centro público esc. especialidades Estación Naval A Graña, Centro Santo Anxo de Rábade, EPAPUS das Institucións Penitenciarias, entre outros.

Como e onde se solicita a revisión médica?

A revisión médica só se pode solicitar electronicamente a través do seguinte enderezo electrónico:

<https://revisionmedicaeducacion.xunta.gal>



Que credenciais necesito para solicitar a revisión médica?

Para facer a solicitude é necesario que coñeza a súa conta de correo electrónico da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional. así coma o contrasinal, a cal deberá ter activa. A conta de correo electrónico da Consellería remata en @edu.xunta.gal

Se ten algunha dúbida de cal é a súa conta de correo electrónico de educación póñase en contacto coa Unidade de atención a centros (UAC):

- Teléfono: **881 997 701**
- Correo electrónico: **uac@edu.xunta.gal**

Non teño conta de correo electrónico da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional. Como podo solicitala?

Se vostede ten dereito á conta de correo electrónico, e na base de datos da Consellería figura outra conta de correo electrónico de contacto ou o seu teléfono móbil, entón terá que facer o seguinte:

1º Ir a <https://www.edu.xunta.es/contausuario>: Opción de menú Conta > Solicitar pin.

2º Enviaráselle un PIN ao seu correo electrónico de contacto, e se non o tivese, enviaráselle un sms ao seu móbil que figura na base de datos da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

3º Unha vez recibido o PIN debe ir á opción de menú Conta > Activar conta.

Para crear a conta é imprescindible que na base de datos da Consellería figure unha conta de correo electrónico de contacto e/ou un teléfono móbil ao que lle enviar o número PIN.

De non figurar algún destes datos non habería forma de enviarlle o PIN para activar a conta.

Se aínda así non a pode crear, póñase en contacto coa Unidade de atención a centros (UAC):

- Teléfono: **881 997 701**
- Correo electrónico: **uac@edu.xunta.gal**

No caso de que non figurasen os meus datos de correo electrónico de contacto ou teléfono móbil, que debería facer para que estes datos se cargasen na base de datos?

Debería poñerse en contacto coa dirección do centro educativo para que se proceda conforme establece a Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos relativa á difusión da campaña de vixilancia periódica da saúde, no que atinxe á necesaria colaboración dos centros educativos para a inscrición do persoal non docente neles destinados, e que careza de conta de correo corporativo EDU.



Non me lembro do contrasinal do meu correo electrónico de Educación. Como podo cambialo?

Se non se lembra do contrasinal debe establecer un contrasinal novo na seguinte web:
<https://www.edu.xunta.es/contausuario>: Menú conta > cambiar contrasinal

Se aínda así non o pode cambiar, póñase en contacto coa Unidade de atención a centros (UAC):

- Teléfono: **881 997 701**
- Correo electrónico: **uac@edu.xunta.gal**

Teño caducado o contrasinal do meu correo electrónico de Educación. Como podo cambialo?

Se ten caducado o contrasinal debe establecer un contrasinal novo na seguinte web:
<https://www.edu.xunta.es/contausuario>: Menú conta > cambiar contrasinal

Se aínda así non o pode cambiar, póñase en contacto coa Unidade de atención a centros (UAC):

- Teléfono: **881 997 701**
- Correo electrónico: **uac@edu.xunta.gal**

Considero que teño dereito á solicitude de cita pero a aplicación dime que non. Que fago?

1º - Comprobe que realizou correctamente a súa inscrición a través da páxina web especificamente habilitada ao efecto (<https://revisionmedicaeducacion.xunta.gal>) e non a través doutras plataformas tecnolóxicas tales como PORTAX ou FIDES.

2º - Póñase en contacto coa dirección do seu centro para comprobar que sexa un centro educativo nos os que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional realiza o servizo de revisión médica.

3º – En caso de que feitas as comprobacións anteriores, non sexa quen de realizar a súa inscrición, póñase en contacto coa Unidade de atención a centros (UAC) aos efectos de que poidan axudarlle a resolva a incidencia técnica:

- Teléfono: **881 997 701**
- Correo electrónico: **uac@edu.xunta.gal**

A aplicación non se mostra correctamente ou da erro. Que fago?

Se considera que a páxina non se visualiza correctamente, o primeiro que debe facer é pechar o navegador co que está accedendo, reiniciar o equipo e volver acceder á páxina web co mesmo ou outro navegador.



Se aínda así persiste o problema, o máis probable é que non teña actualizadas as versións dos navegadores e sexa incompatible coa aplicación.

Se pode, intente abrir a aplicación desde outro ordenador distinto.

Se o problema persiste, póñase en contacto coa Unidade de atención a centros (UAC):

- Teléfono: **881 997 701**
- Correo electrónico: **uac@edu.xunta.gal**

Como podo cambiar a data da cita da analítica?

Só poderá cambiar a data da cita **unha soa vez**, e sempre e cando falten máis de 5 días naturais ata a data inicialmente escollida (se faltan menos de 5 días para a cita concertada xa non poderá mudar esta).

Unha vez modificada, non poderá volver cambiala, so poderá anulala*.

Se faltan menos de 5 días naturais para a cita concertada nunca poderá mudar esta.

** **Importante:** Non anule a cita se o que quere é modificala, posto que de acordo coas instrucións, **ao anulala non poderá volver solicitar cita para a campaña vixente.***

Solicitei a cita pero esquecín a data escollida. Que fago?

Dende a aplicación, vostede pode acceder á opción “Consultar Cita”, na que pode ver os datos da súa solicitude.

Perdín/Non imprimín o xustificante que a aplicación crea no momento de solicitar a cita e que debo presentar ese día. Que fago?

Dende a propia aplicación, vostede pode acceder á opción “Consultar Cita”, na que poderá imprimir de novo, ou se non o fixo nun primeiro momento, o xustificante para presentar no centro médico.

Podo anular a cita que teño solicitada?

Si, desde a opción “Anular Cita” vostede pode anular a cita solicitada. Pero lembre que ao anulala **non** poderá volver solicitar cita para a campaña vixente ao renunciar ao dereito á revisión médica.

Podo realizar o recoñecemento médico laboral estando de baixa médica?

Non, para a realización do recoñecemento médico laboral, agás causas debidamente xustificadas, a persoa traballadora non se atopará en situación de baixa médica coa finalidade de poder avaliar de forma efectiva o estado de saúde en función dos riscos específicos asociados ao seu posto de traballo.